



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MELIDE

*Modificación da relación de cargos que desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles*

#### **ANUNCIO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, SOBRE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE CARGOS QUE DESEMPEÑARÁN EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA ASÍ COMO AS RETRIBUCIÓN QUE CORRESPONDEN A CADA UN DELES**

O Pleno do Concello de Melide, na sesión extraordinaria do día 11 de marzo de 2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

#### **Asunto: modificación da relación de cargos que desempeñarán en réxime de dedicación exclusiva así como as retribucións que corresponden a cada un deles**

O artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establece que os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, caso no que serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda. E o artigo 75 bis regula o réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo isto nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

A maiores, os membros da Corporación que asuman a dedicación exclusiva ou parcial non percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación dos que formen parte, sen prexuízo da percepción das indemnizacións que correspondan noutros supostos.

O artigo 75 ter da Lei 7/1985, do 2 de abril, establece os límites aos que se suxeitará a prestación dos servizos nos Concellos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus membros. En concreto é aplicable ao Concello de Melide o artigo 75 ter. d) que dispón: *“En los Ayuntamientos de Municipios con población comprendida entre 3.001 y 10.000 habitantes, los miembros que podrán prestar sus servicios en régimen de dedicación exclusiva no excederá de tres”.*

Pola súa banda, segundo o establecido na disposición adicional vixésima sétima da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 (BOE núm. 308, do 24/12/2022), relativa ao réxime retributivo dos membros das Corporacións Locais, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que, no seu caso, teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, será de 52.272,61 € para unha poboación comprendida entre os 5.001 a 10.000 habitantes.

Resultando que as retribucións dos cargos políticos que se van propoñer son acordes ás responsabilidades de xestión que van desempeñar en atención ás súas respectivas delegacións, ao traballo a desenvolver en beneficio da veciñanza así como da situación económica actual.

Logo de ver o informe favorable de intervención municipal de ref.:104M/2025, así como o certificado de existencia de crédito de ref.:103M/2025, ambos de data 3 de marzo de 2025.

Esta Alcaldía en virtude das facultades que ten outorgadas PROPÓN a adopción do seguinte **DITAME**:

**PRIMEIRO:** os cargos electivos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva son os que de seguido se indican, coas retribucións que lles corresponden, segundo se sinala na seguinte táboa:

Cargo	Dedicación	Retribución bruta anual
Concellaría da Área Económica	Exclusiva	36.048,32 €
Concellaría da Área de Política Social	Exclusiva	33.988,36 €
Concellaría da Área de Cultura e Deporte	Exclusiva	33.988,36 €
<b>Total</b>		<b>104.025,04 €</b>

As retribucións anuais sinaladas distribuiranse para a súa percepción en catorce pagas anuais iguais, correspondéndose con doce pagas mensuais e 2 extraordinarias, da mesma contía, a percibir nos meses de xuño e decembro.

**SEGUNDO:** as retribucións anuais sinaladas revisaranse anualmente, sen necesidade de novo acordo plenario adicional e con efectos do 1 de xaneiro de cada exercicio, na proporción que determinen os orzamentos xerais do Estado para as retribucións do persoal ao servizo do sector público, debendo cumprirse cos límites máximos totais que poden percibir os membros das corporacións locais fixados polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado de cada exercicio.

**TERCEIRO:** para a aplicación do réxime de dedicación aos membros da Corporación que ostenten ou sexan nomeados nos cargos referidos, estes deberán aceptar expresamente a dedicación, caso no que esta circunstancia será comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria que se celebre. No caso de non aceptarse a dedicación no prazo de tres días hábiles dende a notificación do acordo correspondente, entenderase rexeitada e ao Concelleiro de que se trate lle será de aplicación o réxime previsto no apartado 3 do artigo 75 da Lei 7/1985.

**CUARTO:** publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello o presente acordo.

Melide, 12 de marzo de 2025. O alcalde, José Manuel Pérez Penas.

2025/1616